



CISPAC

Centro de Investigación Interuniversitario
das Paisaxes Atlánticas Culturais

MEMORIA DE INICIO DE ACTIVIDADES CISPAC. 2021

ANO 0



Universidade de Vigo



1. Presentación	4
2. Introducción	5
2.1. Posta en marcha do Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC)	5
2.2. Campos e liñas de investigación	6
3. Accións e pasos de organización interna	8
3.1. Elaboración do Plan Estratéxico 2021-25	8
3.2. Memoria da creación do CISPAC	8
3.3. Selección de investigadoras garantes	12
3.4. Sinatura do Convenio de Colaboración (07-12-21)	18
3.5. Sesión constitutiva do Consello reitor do CISPAC (07-12-21)	18
3.6. Creación e nomeamento do Comité Asesor Científico Externo do CISPAC (07-12-21)	19
3.7. Nomeamento de Dirección Científica comisaria, Dirección Adxunta comisaria e Secretaría comisaria do CISPAC	22
3.8. Apertura do proceso selectivo de persoal investigador vinculado ao CISPAC, a través dunha chamada de interese aberta publicada o 21 de decembro de 2021.	23
3.9. Protocolo provisorio para estudantes de doutoramento.	26
3.10. Acordo CSIC-USC para a adscrición de Juan Castro Cal, investigador titular do CSIC á USC.	27
3.11. Acordo GAIN-USC para a adscrición de Jacob Copeman ao CISPAC	27
3.12. Convenio de colaboración CRUSOE - CISPAC	27
4. Accións para o equipamento mobiliario	28
4.1. Compra de equipamento, tramitado e xestionado pola Vicexerencia da USC	28
4.2. Participación nunha petición da USC para a dotación dun dron especializado para investigación en xeografía física	28
4.3. Estudo de infraestrutura virtual e deseño, ao abeiro do convenio de investigación Xunta de Galicia-USC para traballos de constitución do CISPAC	29
5. Algunhas actividades académicas xa realizadas	31
6. Algúns proxectos en desenvolvemento	32
7. Informe económico 2021	34



1. Presentación

A presente memoria ten por obxectivo dar breve conta das actividades realizadas durante o ano 2021 para o establecemento do CISPAC, dando cabo a un longo proceso iniciado en 2019 coa conformación dun primeiro grupo de investigadores garantes encargado de dar forma a unha proposta de centro interuniversitario de investigación sobre paisaxes, por encomenda da Secretaria Xeral de Investigación da Xunta de Galicia e da USC. Iniciáronse entón os traballos inmediatos de deseño e elaboración da proposta científica, pero a orixe mediata sitúase en 2015 coa conformación dunha proposta de Agrupación Estratéxica interuniversitaria, que tiña por base 20 grupos de investigación so SUG.

Ao longo do ano 2021, culminouse o traballo de definición da axenda científica por parte dos dez investigadores garantes das tres universidades e déronse os pasos normativos e regulamentarios para a constitución formal do centro por parte das tres universidades que culminaron no nomeamento dunha dirección comisaria polo Consello reitor, a proposta do grupo de garantes, que organizou a chamada de interese para a vinculación do persoal investigador. A dirección comisaria ocupouse tamén, en colaboración cos diferentes servizos da USC, dos traballos de normativización do proceso e de equipamento das instalacións do centro.

Coa creación do CISPAC, como Centro de Investigación Singular en Paisaxes Atlánticas Culturais deuse o primeiro impulso para lograr un salto cualitativo na organización da investigación en ciencias sociais e humanas en Galicia, por varias razóns. Primeiro polo seu pioneiro carácter interuniversitario, segundo porque o centro organizase arredor dunha innovadora axenda científica con cinco grandes campos de investigación que atenden as grandes preguntas que vertebran a investigación e o deseño de políticas en Europa, terceiro porque estes campos desenvolveranse a través de proxectos, de carácter transdisciplinar con vocación de situarse na fronteira do coñecemento e cuarto porque o CISPAC, focaliza a súa orientación na sustentabilidade ambiental das paisaxes como espazos produtivos, socialmente construídos, que manexan o medio e xeran cultura.



2. Introducción

2.1. Posta en marcha do Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC)

O Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC) é un centro interuniversitario de investigación de nova xeración, integrado no Sistema universitario de Galicia, que ten como misión a investigación sobre as paisaxes nunha perspectiva transdisciplinar, na procura de dar respostas epistémicas aos retos contemporáneos, para producir dende o coñecemento outra forma de gobernar e traballar a paisaxe, o patrimonio e a produción, dende a identidade, a participación e sustentabilidade.

Neste ano logrouse desenvolver o proceso para que, ao tempo que se conformou un Centro de investigación con cultura e prácticas homologables a calquera unidade académica de referencia internacional, se avanzase en articular e materializar a ambiciosa estratexia científica definida nesta proposta, articulada en cinco grandes retos (campos de investigación) que dan resposta á análise DAFO e a misión e visión do Centro. Estes retos orientan as estratexias do plan de acción e definen as liñas de actividade que o concretan.

De acordo ao Plan estratéxico 2021 - 2025 e en concreto ao seu Plan de Acción, ao longo de 2021 desenvóléronse unha serie de accións na liña dos principais retos que determina o Plan para a fase de arrinque (2021-2023), en relación coa consolidación dos órganos de organización do centro, así como a implementación das necesidades mínimas do centro e o inicio do posicionamento do Centro, tanto a nivel local como internacional.

2.2. Campos e liñas de investigación

1 Paisaxes que teñen xente

Sociedade, demografía e territorio

Se a paisaxe é territorio definido pola poboación a través de procesos a moi longo prazo, é fundamental a indagación sobre as mudanzas poboacionais ao redor do territorio, os procesos demográficos e os seus efectos, entre eles a perda poboacional que supón unha mingua de actividade produtiva (alimentos, manexo da biomasa, etc.) e de masa social crítica que dea respostas aos procesos extractivistas. O proceso de desagrarización cuestiona quen asume o liderado comunitario ante as presións do uso da terra ou do desposuímento. Os programas de “renacemento rural” son a referencia.

2 Paisaxes que producen

Mundo rural, alimentación e transición verde

As paisaxes en Europa son o resultado dunha construción antrópica cunha coevolución entre a natureza e as persoas. No ámbito europeo pénsanse e deséñanse políticas correctoras e incentivos económicos que minimicen o impacto dos diversos axentes que actúan sobre as paisaxes, sometidas a procesos que de crecente nun fragilidade e vulnerabilidade. O obxectivo inspirador será potenciar ou favorecer un modelo económico baseado nunha xestión sustentable e respectuosa dos recursos, que ao mesmo tempo responda ás necesidades da poboación e respecte os elementos naturais das paisaxes. Para este obxectivo, faise imprescindible valorar as actividades económicas enmarcadas nunha lóxica sustentable e atender á análise do metabolismo social, asumindo o proceso de transición ecolóxica no que o mundo está a se mergullar.

3 Paisaxes que se gobernan

Comunidades, participación social e gobernanza

As comunidades dispoñen de ferramentas propias e endóxeas para o manexo do territorio que podes servir para favorecer unha transición ambiental na lóxica da bioeconomía; cómpre facilitar eses procesos, acompañalos e amplificalos dende a investigación. Coñécese ben e pódese explicar como se xestionaba ou se xestiona o territorio nunha lóxica sostible; as ferramentas analíticas dispoñibles permiten extraer información do longo pasado da evolución do mundo ata o presente (coñecemento da xestión da terra, formas locais de organización de cultivos, de produción de alimentos cara e para o mercado, de manexo do gando, da fertilización) para transitar cara un futuro sostible.



4 Paisaxes que teñen patrimonio

Patrimonio, identidade e cultura

O estudo do patrimonio baséase na interdisciplinariedade. Patrimonio e paisaxe carecen de “propietarios” académicos. Variadas disciplinas poden ser útiles para o seu coñecemento. O problema epistémico do estudo do patrimonio e da paisaxe consiste en definir axendas e problemas que requiren respostas derivadas da converxencia de disciplinas. Os resultados son traballos académicos e coñecementos útiles para definir accións dirixidas á identificación, conservación ou restauración de edificios, bens ou paisaxes máis ou menos antropizados. Así mesmo, estes traballos reforzan as identidades e transfiren coñecemento á sociedade.



5 Paisaxes visitadas

Modelos turísticos e Camiño de Santiago

O Camiño de Santiago é unha realidade cada vez máis complexa que segue vixente grazas á súa capacidade de adaptación aos tempos. Ao mesmo tempo, os diferentes actores (no sentido máis amplo do termo) actúan ao longo dela, entendendo as necesidades cambiantes. A dimensión que adquiriu esixe investigar estes cambios mediante enfoques e metodoloxías de investigación acompañadas co “tempo científico”. Por estes motivos, o Camiño de Santiago foi obxecto de investigación dende o punto de vista da economía ou a historia, da xeografía turística e da xeografía urbana e, máis recentemente, da xeografía cultural, concretamente da xeografía de espazos sagrados e peregrinacións, das xeohumanidades.

3. Accións e pasos de organización interna

3.1. Elaboración do Plan Estratégico 2021-25

Coa colaboración da consultora INOVA -<https://inovalabs.es/gl/>- nun proceso participativo con investigadores e investigadoras das tres universidades, propostos por cadansúa vicerreitoría despois dun proceso informativo interno, sobre a base dos traballos previos do grupo de garantes, con base no Workshop con quince expertos externos e a participación de 30 investigadores e investigadoras das tres universidades celebrado en novembro de 2019.

3.2. Memoria da creación do CISPAC

Aprobada polos consellos de goberno e consellos sociais das Universidades de Santiago de Compostela, Universidade de A Coruña e Universidade de Vigo, previa avaliación externa por tres expertos de recoñecido prestixio internacional nos ámbitos académicos do CISPAC. Inclúe a aprobación do Convenio de colaboración e do Regulamento de Réxime interno.

Consello de Goberno da USC na sesión ordinaria celebrada o 28 de maio de 2021, aprobou a creación do Centro de Investigación das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC):

“MEMORIA XUSTIFICATIVA DA CREACIÓN DO CENTRO DE INVESTIGACIÓN INTERUNIVERSITARIO DAS PAISAXES ATLÁNTICAS CULTURALS (CISPAC):

1) As ciencias sociais e humanas son campos de investigación moi maduros e competitivos na USC, en termos de recursos competitivos acadados, produción científica e organización de grupos competitivos e redes transdisciplinares. Como corresponde a unha universidade completa e centenaria estas áreas ocupan parte esencial da súa actividade e representan unha significativa porcentaxe da mesma.

2) No ano 2017 a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia ofreceulle ás Universidades do Sistema Universitario Galego (SUG), a posta en marcha dun centro de investigación interuniversitario vinculado ás ciencias sociais e humanas que tería a súa sede no Edificio Fontán na Cidade da Cultura. Un centro orientado á investigación no eido das paisaxes culturais, a singularidade e riqueza da paisaxe e do patrimonio galego e a particular relación dos galegos e galegas co territorio, a partir das capacidades investigadoras desenvoltas nas universidades do SUG neste eido.

3) O SUG dispón dunha acreditada masa crítica de persoal investigador nas ciencias sociais e humanas, organizada en grupos de investigación consolidados que se achegan á paisaxe dende múltiples disciplinas e perspectivas, abordando a relación do ser humano co

territorio, tanto do punto de vista sincrónico como diacrónico en toda a súa complexidade. Dende a economía ou a historia agraria ata a xeografía ou a arqueoloxía, pasando polos estudos culturais, teñen identificado as paisaxes no territorio galego, analizado as súas características e as forzas e presións que as transforman, traballando no deseño das políticas públicas ou na discusión de propostas de coidado da paisaxe, tanto rural como urbano. Moitos destes grupos de investigación veñen traballando xuntos a través de redes de investigación as cales, ademais de resultados de investigación interdisciplinares, permitiron establecer sinerxías entre os grupos do SUG e o deseño de liñas investigadoras innovadoras aliñadas cos retos da nosa sociedade e cos retos globais.

4) O Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC) propónse como un centro interuniversitario de investigación de nova xeración, integrado no SUG, que ten como misión a investigación sobre as paisaxes desde unha perspectiva transdisciplinar, na procura de dar respostas epistémicas aos retos contemporáneos (demográficos, ambientais, culturais) para producir dende o coñecemento outra forma de ollar e traballar a paisaxe, a produción e o patrimonio, dende a identidade, a participación e sustentabilidade. Co obxectivo de dar un salto cualitativo na organización da investigación en ciencias sociais e humanas en Galicia, o centro organízase arredor dunha innovadora axenda científica con cinco grandes campos de investigación que atenden as grandes preguntas que vertebran a investigación e o deseño de políticas, e que se desenvolverán a través de proxectos, de vocación transdisciplinar con vocación de situarse na fronteira do coñecemento. O CISPAC, focaliza a súa orientación na sustentabilidade ambiental das paisaxes como espazos produtivos construídos socialmente.

5) Segundo o anteriormente exposto, e ao abeiro do previsto no artigo 62 dos Estatutos da USC, propónse a creación do CISPAC como Centro de Investigación Interuniversitario.

O Consello de goberno e o Consello social da UdC aprobaron a creación do CISPAC o 22 de xullo de 2021,

Carlos Aymerich Cano, secretario xeral da Universidade da Coruña, que actúo de conformidade co artigo 39 dos Estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto 101/2004 do 13 de maio (DOG do 26 de maio), modificados polo Decreto 194/2007 do 11 de outubro (DOG do 17 de outubro),

CERTIFICO:

Que o Consello de Goberno desta Universidade, na súa sesión do 22 de xullo de 2021, acordou aprobar o Regulamento de réxime interno e o convenio de creación do Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC). Para que conste, asino este certificado.



Enrique Muñoz Lagarón, secretario do Consello Social da Universidade da Coruña, actuando de conformidade co establecido no artigo 83.2 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia

CERTIFICA:

Que o Pleno do Consello Social da Universidade da Coruña, reunido en sesión ordinaria, o día 22 de xullo de 2021, ao abeiro do disposto no art. 75.3 n) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, acordou por unanimidade aprobar a creación do Centro de Investigación das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC). O que se certifica na Coruña a 23 de xullo de 2021, facendo constar ao abeiro do disposto no artigo 20.5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, que a acta correspondente á sesión indicada está pendente de aprobación

O Consello de goberno da UVigo, en sesión celebrada o día 1 de outubro de 2021, aprobou a creación do CISPAC,

“Aprobación da creación do centro de Investigación sobre Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC), así como dos seus correspondentes convenio, plan estratéxico e regulamento de réxime interno”

Tanto a proposta de Convenio como o Regulamento de Réxime interno aprobáronse de novo con modificacións a proposta das Universidades de Vigo e da Coruña.

DULCE M^a GARCÍA MELLA, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno, na sesión ordinaria celebrada o 1 de outubro de 2021, aprobou a modificación do Convenio de creación e do Regulamento de Réxime Interno do Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC), quedando os textos consolidados nos termos dos documentos adxuntos e manténdose a memoria segundo o acordado polo Consello de Goberno o 28 de maio de 2021.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, co V^o e Prace

do Sr. reitor.

Antonio López Díaz

RELACIÓN DE MODIFICACIÓNS AO CONVENIO DE COLABORACIÓN, AO PLAN ESTRATÉXICO E AO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO “CENTRO DE INVESTIGACIÓN INTERUNIVERSITARIO DAS PAISAXES ATLÁNTICAS CULTURALS - CISPAC”

A solicitude das Universidades de Vigo e A Coruña faise necesario modificar a Memoria e o Regulamento de Réxime Interno do CISPAC aprobados no Consello de Goberno do 28 de maio de 2021 para incluír un representante de cada universidade nos órganos de goberno e executivos do mencionado Centro.

A continuación relaciónanse as modificacións de cada un dos documentos:

1. Convenio de Colaboración entre a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo polo que se crea o Centro de Investigación das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC)

1.1. Cláusula Quinta: Goberno

- No punto b) inclúese como órgano executivo ao Secretario/a.

2. Plan Estratéxico CISPAC 2021-2025

2.1. Apartado "Órgano de Goberno" (páxina 66)

- No Consello Reitor inclúese un membro adicional ao Director Adxunto que exercerá as funcións de Secretario. Ademais menciónase que os cargos de director/a científico/a, director/a adxunto/a e o secretario/a pertencerán sempre a distinta universidade.

2.2. Apartado "Órganos Executivos" (páxina 67)

- Inclúese ao Secretario/a como órgano executivo do Centro e como membro do Comité Científico do Centro.

3. Proxecto de Regulamento de Réxime Interno do CISPAC

3.1. Artigo 7.- Goberno

- Inclúese ao Secretario/a como un dos órganos executivos do Centro.

3.2. Artigo 8 - O Consello Reitor

- No Consello Reitor inclúese un membro adicional ao Director Adxunto que exercerá as funcións de Secretario. Ademais menciónase que os cargos de director/a científico/a, director/a adxunto/a e o secretario/a pertencerán sempre a distinta universidade.

3.3. Artigo 11.- O Comité Científico

- Inclúese ao Secretario/a como membro do Comité Científico do Centro ademais do director/a científico/a e o director/a adxunto/a.

3.3. Selección de investigadoras garantes

A selección dos investigadores/as garantes foi aprobada en consello de goberno da USC o 28 de maio de 2021.

O CISPAC está composto por 10 investigadores/as garantes que son aqueles que, por reunir criterios de excelencia e competencia científica, son considerados competentes para avala e garantir o desenvolvemento da axenda científica e obxectivos definidos para o Centro.

De acordo coa Gobernanza do Centro, considerase Investigador/a Garante aquel/a investigador/a vinculado/a que, por reunir criterios de excelencia e competencia científica, avale e garanta o desenvolvemento da axenda científica e obxectivos definidos para o Centro.

Os/as investigadores/as garantes que forman parte do CISPAC reúnen tres dos catro seguintes criterios:

- Posúe tres sexenios de investigación e o último deles vixente.
- Figura como coordinador/a ou investigador/a responsable de polo menos 3 proxectos de I+D do Programa Marco da EU ou do Plan Estatal de I+D da Administración Xeral do Estado nos últimos 10 anos.
- Ten captado polo menos 350.000€ por proxectos no marco de convocatorias públicas e/ou Contratos ou Convenios nos últimos 5 anos.
- Ten, como mínimo, 3 teses lidas nos últimos 5 anos.

**Jose Mª Cardesín Díaz**

Catedrático en Historia dos Movementos Sociais

UdC

0000-0002-0806-3060

Catedrático de Historia dos Movementos Sociais da Universidade da Coruña, onde é profesor de Historia Contemporánea e Historia do Pensamento Político e foi coordinador do Grupo de Estudos do Territorio. Foi profesor visitante na École des Hautes Études en Sciences Sociales de París.

A súa investigación céntrase na historia urbana comparada: as relacións entre urbanismo, movementos sociais e lugares de memoria. É responsable de 90 publicacións, en revistas como Annales, Histoire Urbaine, Urban History, The Journal of Urban History, Ayer ou Historia Social. Recibiu o H.J. Premio Dyos de Historia Urbana 2005 (polo Centro de Historia Urbana, Reino Unido). Mentres que IP asumiu a dirección de 7 Proxectos de I+D en convocatorias competitivas. O CNEAI recoñeceuno por 4 sexenios de investigación.

Actualmente coordina o proxecto "Violencia colectiva e protesta popular nas cidades españolas: a Guerra da Independencia", financiado polo Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades (2020-2024).

**Stefania Barca**

Investigadora Distinguida BG Senior

USC

0000-0002-8136-3369

Investigadora Distinguida "Beatriz Galindo" sénior do departamento de Historia da USC. Orixinaria de Italia, onde foi profesora asociada en Historia Moderna (2014) e en Historia Económica (2013), nos últimos doce anos traballou como investigadora senior no Centro de Estudos Sociais (CES) da Universidade de Coimbra. (Portugal), onde desempeñou diversos cargos de liderado investigador e supervisou investigacións de doutoramento e posdoutoral. Anteriormente, foi investigadora visitante no Programa de Estudos Agrarios da Universidade de Yale (2005-06), e recibiu bolsas sabáticas nas Universidades de Berkeley (2006-08) e Lund (2015-16); máis recentemente, foi a cuarta profesora "Zennstrom" en Liderado do Cambio Climático na Universidade de Uppsala (2021).

Os seus intereses de investigación radican na Historia do Medio Ambiente e a Ecoloxía Política, con foco na era industrial. Investigou a enerxía hidráulica e a elaboración de paisaxes industriais (s. XVIII-XX); mobilizacións ambientais (campesiñas, indíxenas e obreiras) en Italia, Brasil e Portugal dende os anos 70 ata a actualidade; e investiga na actualidade a Transición Xusta desde unha perspectiva feminista, con especial atención ao traballo de coidados. Publicou amplamente en revistas internacionais revisadas por pares; a súa monografía do libro Enclosing Water. Nature and Political Economy in a Mediterranean Valley (Cambridge, Reino Unido: White Horse Press 2010), foi galardoado co Turku Book Prize en 2011; a súa última monografía Forces of Reproduction. Notas para un antropoceno contrahexemónico foi publicada pola Cambridge University Press en 2020.

**Jacob Copeman**

Investigador Distinguido ERC-CoG

USC

0000-0001-6967-0086

Antropólogo social do sur de Asia, os seus intereses de investigación están relacionados principalmente coa antropoloxía da relixión, centrándose nas tradicións sikh, a laicidade, as prácticas de nomenclatura e o gurú. Tamén investigou e publicou no campo da antropoloxía médica.

É investigador principal dunha de ERC Consolidator Grant 'Religion and Its Others in South Asia and the World', que examina as formas nas que os individuos e as comunidades suscitan, ao aberto ou en transcricións máis ocultas, preguntas sobre as normas relixiosas dominantes no sur de Asia. Aínda que este proxecto está baseado etnográficamente no sur de Asia, tamén se estende máis aló desta rexión para examinar as implicacións globais dos debates e accións críticas que se están a levar a cabo alí. A súa investigación tamén foi financiada polo Consello de Investigación Económica e Social do Reino Unido, o Leverhulme Trust e a Academia Británica. Actualmente está completando libros coeditados sobre non relixión e medios de comunicación, gurús e medios de comunicación e a antropoloxía do intercambio intelectual (en homenaxe á profesora Susan Bayly).

**Ramón Fábregas Valcarce**

Catedrático de Prehistoria

USC

0000-0002-7940-6884

Catedrático de Prehistoria da Universidade de Santiago de Compostela. Licenciado en Filosofía e Letras pola Universidade Autónoma de Barcelona e Doutor en Historia pola UNED. A súa investigación xira fundamentalmente arredor das sociedades paleolíticas e neolíticas prehistóricas do noroeste ibérico, sobre as que dirixiu 7 teses de doutoramento e publicou máis de 200 traballos científicos, citados 2491 veces (Google Scholar). Fundador e coordinador do GEPN-AAT, clasificado como Grupo de Referencia Competitiva (GRC GI-1534).


Como IP dirixiu proxectos patrocinados pola UE, diversas entidades do Goberno de España e Xunta de Galicia e formou parte dos equipos de investigación en proxectos financiados polo CNRS e a Academia Británica. É membro da Society for American Archaeology, en cuxas reunións anuais organizou varios simposios e é membro do Comité Asesor do Foro de Arqueoloxía de Xangai desde 2019. Foi editor de libros en recoñecidas editoriais estranxeiras (Oxbow, Archaeopress) e autor de traballos en prestixiosas revistas nacionais (Complutum, Trabajos de Prehistoria, Zephyrus) e internacionais (Nature Comm., Comptes Rendus Palevol, Journal of Archaeological Science, Quaternary Science Reviews, Antiquity, Quaternary International ou L'Anthropologie).



Lourenzo Fernández Prieto
Catedrático de Historia Contemporánea
USC
0000-0003-3206-2428

Foi profesor visitante nas universidades de London (1991), Cork (1999), CUNY (2013) e Princeton (2015). Investiga sobre: Sociedade rural do século XX: cambio tecnolóxico e social; mundo rural no franquismo; guerra civil e políticas de memoria. Entre as súas 185 publicacións: con Soto Fernández, D. (2010): "El Atlántico no es el Mediterráneo", Garrabou, R., Sombras de progreso, Crítica; (2011): "Interpreting Galician History: The Recent Construction of an Unknown Past", Hooper, K. e Puga, M. (eds.), Contemporary Galician Studies. Between the Local and the Global, NYC, MLAA; (2014) con M. Cabo & J. Pan-Montojo, Agriculture in the Age of Fascism. Authoritarian Technocracy and Rural Modernization, 1922-1945, Brepols; (2018): Historia de la Guerra civil contada por dos hermanas. Comares; con A. Míguez, Golpistas e Verdugos de 1936, Galaxia, (2020): con D. Lanero: Leche y lecheras en el siglo XX. De la fusión innovadora orgánica a la Revolución Verde, PUZ; con Alba Díaz (2021), Senderos de la Historia. Miradas y actores en medio siglo de historia rural, Comares; (2021) "Agrarismo de mulleres..." VV.AA. Á volta do tempo. Xerais.

Orientou 20 teses de doutoramento; dirixiu 21 proxectos de investigación competitivos e 20 convenios. Foi director do Departamento de Historia e director da Cátedra Juana de Vega ata finais de 2021. Anteriormente foi Secretario do IDEGA, Vicerreitor da USC e Director do Departamento de Historia Contemporánea. Actualmente é Vicepresidente da SEHA (Society for Agrarian History Studies) e coordinador do grupo HISTAGRA.



Marco V. García Quintela
Catedrático Historia Antiga
USC
0000-0001-7211-374X

Dende a súa tese de doutoramento traballou a relación entre pensamento e sociedade desde a perspectiva da antropoloxía histórica utilizando diferentes tipos de fontes literarias e arqueolóxicas de diferentes épocas e ámbitos. Durante vinte anos céntrase no estudo das formas de pensamento que constrúen o espazo considerando mitos, ritos e outras expresións materiais, con casos prácticos en Euskadi, Grecia, Roma, Gallaecia ou Galia. Neste percorrido foi frecuente o uso da interdisciplinidade, publicando estudos con filólogos, arqueólogos, astrofísicos, xeólogos e historiadores. Conta cunhas duasetas publicacións, destacando dezaseis libros de autoría e oitenta artigos, a maioría en publicacións internacionais.

Participou como investigador principal ou membro en máis dunha vintena de proxectos de diferentes filas. Dirixiu oito teses e ten como titor a seis investigadores posdoutorais da Xunta de Galicia. Entre 2004 e 2020 coordinou o grupo de investigación da USC, GI-1919 Sincrisis, Investigación en Formas Culturais, recoñecido como Grupo de Referencia Competitiva nas convocatorias 2014 e 2018. Dirixiu a serie de monografías Traballos sobre Arqueoloxía e Patrimonio publicadas polo CSIC. (2007-2015). Foi secretario do Instituto de Investigacións Tecnolóxicas da USC (2013-2020). Membro da Comisión Consultiva 10: Historia, Xeografía e Artes da Comisión Nacional da ANECA (2019). É decano da Facultade de Xeografía e Historia desde novembro de 2020.

**Jacob Copeman**

Catedrático de Análise Xeográfica Rexional

USC

0000-0003-4717-106

Vicepresidente da Unión Xeográfica Internacional (UGI). Especialista en Xeografía Urbana, Cultural e Política, foi profesor invitado nas universidades de Le Mans, Caen e Toulouse-Le Mirail (Francia), Bergen (Noruega), Messina (Italia) e Federal de Bahía-UFBA (Brasil). Tamén foi Director do Centro de Estudos Eurorrexional Galiza-Norte de Portugal, constituído por seis universidades públicas do Eurorrexión (Santiago de Compostela, A Coruña, Vigo, UTAD, Minho e Porto).

Investigador principal de varios proxectos internacionais da Unión Europea, onde destacan SIESTA (do Observatorio Territorial Europeo) e varios Interreg de cooperación transfronteiriça España-Portugal. Autor de 200 libros e capítulos de libros e máis de 140 artigos en revistas académicas. Estes inclúen Scripta Nova, Boletín de la AGE, Finisterra, GOT, Annales de Géographie, Sud-ouest Européen, Die Erde, European Planning Studies, Land, Use & Policy, Tourism Geographies, Mobilidades, Territorio, Politics and Governance, Sociología Ruralis e Xénero, Lugar e Cultura.

Orientou 31 Teses de Doutoramento e máis de 80 de Mestrado. Foi Decano da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago, Secretario de Turismo de Galicia (2005-2009), membro da Directiva da Asociación de Geógrafos de España (1997-2011 e dende 2017) e fundador da Orde de Xeógrafos de España (1999).

**Edelmiro López Iglesias**

Profesor Titular de Economía Aplicada

USC

0000-0002-1563-9371

Desde 1985 desenvolve a súa actividade no Departamento de Economía Aplicada da USC. De 1999 a 2005 foi director do Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA). Entre 2005 e o 2009 ocupou o cargo de director xeral de Desenvolvemento Rural na Xunta de Galicia. Desde 2017 é director do Departamento de Economía Aplicada da USC.

As súas liñas de investigación céntranse na economía e a política agraria, con especial atención á dinámica das estruturas agrarias e a mobilidade da terra, o desenvolvemento rural e a economía rexional. Ten dirixido ou participado en 30 proxectos competitivos de investigación autonómicos, nacionais e internacionais.

Esta traxectoria investigadora complementase con máis de 50 contratos e convenios con entidades privadas e institucións públicas, entre elas INLAC, Xunta de Galicia, Comisión Europea, Banco Interamericano de Desenvolvemento, IICA, Asemblea da República de Portugal e o Ministerio de Agricultura de España. Director de 9 teses de doutoramento, Ten publicados 28 artigos en revistas indexadas, tanto internacionais como nacionais, 35 libros e 40 capítulos de libros en editoriais españolas e estranxeiras. Entre 2017-2018 foi membro da Comisión Técnica Independente designada pola Asemblea da República de Portugal para o estudo dos incendios neste país.

**Laura Oso Casas**

Investigador Distinguido ERC-CoG

UdC

0000-0003-1532-6196

Catedrática de socioloxía na Facultade de Socioloxía da Universidade da Coruña. É a coordinadora do ESOMI (Equipo de Investigación de Sociedades en Movemento). Doutora en Socioloxía pola Université de Paris I-Panthéon Sorbonne, o seu traballo de investigación estivo orientado principalmente ao estudo dos problemas de xénero, migración e desenvolvemento.

Foi consultora de diversas organizacións internacionais (OCDE, Unión Europea, INSTRAW-UN). É vicepresidenta de actividades internacionais da Federación Española de Socioloxía (FES), membro do Comité Executivo da Asociación Internacional de Socioloxía (ISA), da Xunta Directiva da Rede IMISCOE, así como membro do Consello da Xunta de Galicia. RN27- Rede Rexional de Sociedades do Sur de Europa (European Sociological Association-ESA). Participou en proxectos europeos como IP da Universidade da Coruña (CareWell- PCI2021-121924-JPI-More Years, Better Lives; Welcoming Spaces-H2020-87095; INCASI-H2020-691004; Equal Convive Mais"-Fondo Social Europeo).), así como como investigador asociado ou cooperating project (Cross Migration-H2020-SEP-210405588; VII Programa Marco-SERD-2002-00119-Comisión Europea).

Publicou amplamente en revistas indexadas JCR e Scopus. Foi editora de libros en editoriais de impacto (Edward Elgar, Routledge), liderando a coordinación de monografías en revistas de renome internacional (Identities: global Studies in Culture and Power; Sociological Research Online; Ethnic and Racial Studies). Forma parte dos comités editoriais de revistas internacionais (Migration and Society, Advances in Research-NY & Oxford-Berghahn Journals; International Migrations-México) e españolas (RES). É co-editor da serie de libros sobre sociedades do sur de Europa (Edward Elgar) e membro do comité editorial da serie de libros IMISCOE (Springer).

**Xavier Simón Fernández**

Profesor Titular de Economía Aplicada

UVigo

0000-0002-5667-0367

Ten tres décadas de dedicación docente e de investigación e transferencia. É Doutor en Economía pola mesma universidade coa primeira tese de doutoramento en Economía Ecolóxica do Sistema Universitario Galego. Foi investigador principal en varios proxectos europeos do 7º Programa Marco e do Interreg IVC, tamén noutros programas de I+D+i do Estado e da Xunta. Na actualidade é o responsable do Observatorio Eólico de Galicia.

Ten dúas de publicacións en revistas científicas de alto impacto, en capítulos de libro de editoriais de referencia e en medios de divulgación do coñecemento. Asinou máis de 30 contratos de investigación con organismos públicos e empresas privadas. Foi profesor invitado na Universidad Nacional de La Plata (Argentina), na Universidad Nacional de Heredia (Costa Rica), no Instituto Tecnológico y de Estudios Superiores de Occidente (México), na Universidad Mayor de San Simón (Bolivia) e na University California Berkeley (USA), entre outras. Foi alcalde de Arbo entre 2011 e 2014. Tamén presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Cabeiras entre 2003 e 2007. Participou de forma activa no movemento de defensa do Río Miño. É viticultor e horticultor.

3.4. Sinatura do Convenio de Colaboración (07-12-21)

Sinatura do Convenio de Colaboración entre a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo polo que se crea o Centro de Investigación das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC) o 7 de decembro de 2021.

3.5. Sesión constitutiva, Consello reitor do CISPAC (07-12-21)

Sinatura do Convenio de Colaboración entre a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo polo que se crea o Centro de Investigación das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC) o 7 de decembro de 2021.

Presidente: o/a reitor/a da universidade que corresponda, con carácter rotativo.

Un/ha vicerreitor/a de cada unha das universidades participantes con responsabilidade nos ámbitos de investigación e transferencia de coñecemento.

Os/as xerentes das universidades participantes, ou persoas en quen deleguen.

O/a director/a científico do Centro.

O/a director/a adxunto/a do Centro

O/a secretario/a do Centro.

Son funcións do Consello Reitor:

- a) Aprobar a elección do director/a científico/a, a proposta do Comité Científico.
- b) Aprobar a renovación do director/a científico/a do Centro, a proposta razoada dunha maioría absoluta dos integrantes do Comité Científico.
- c) Aprobar o plan estratéxico do Centro e as súas modificación, facer seguimento anual do plan de acción e das medidas propostas polo Consello Asesor Científico Externo.
- d) Aprobar a proposta de orzamentos e programación do CISPAC.
- e) Aprobar as memorias anuais de actividades e a económica, e dar conta das mesmas aos consellos de goberno das universidades.
- f) Promover o financiamento e a dotación de infraestruturas do centro.
- g) Nomear ao Consello Asesor Científico Externo previsto no Regulamento e establecer o seu funcionamento.
- h) Ratificar o ingreso de membros no CISPAC e aprobar a súa desvinculación, salvo cando sexa por petición propia.

O Consello Reitor reunirse en sesión ordinaria cando menos dúas veces ao ano, e, en sesión extraordinaria, cando sexa convocado polo Comité Científico e/ou de Dirección por solicitude da metade máis un dos seus membros, ou polo director/a científico/a por decisión propia.

O Consello reitor do CISPAC reuniuse por vez primeira o 7 de decembro de 2021 coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1. Establecemento da orde rotativa do exercicio da presidencia do Consello Reitor do CISPAC, segundo o artigo 8 do seu Regulamento de réxime interno.
2. Nomeamento dos membros do Comité asesor científico externo do CISPAC, segundo o artigo 11 do seu Regulamento de réxime interno.
3. Nomeamento da persoa titular da Dirección Científica comisaria do CISPAC.
4. Nomeamento da persoa titular da Dirección Adxunta comisaria do CISPAC.
5. Nomeamento da persoa titular da Secretaría comisaria do CISPAC.
6. Aprobación da posta en marcha do primeiro proceso selectivo de persoal investigador vinculado ao CISPAC.
7. Informe de execución do convenio coa Xunta de Galicia para as actividades de posta en marcha do CISPAC.
8. Asuntos de trámite.
9. Rolda aberta de intervencións.

3.6. Creación e nomeamento do Comité Asesor Científico Externo do CISPAC (07-12-21)

Consello Asesor Científico Externo (Scientific Advisory Board-SAB) é o órgano consultivo con capacidade e competencias para monitorizar e avaliar de forma continuada a actividade do Centro e dos seus IP's e para asesorar na definición das súas estratexias de investigación e o cumprimento da Axenda Científica. Esta integrado por 7 membros de recoñecido prestixio científico internacional no ámbito de actuación do CISPAC. Entre as súas funcións atópanse:

- Asesorar sobre a definición temática e orientación da investigación a desenvolver no Centro, así como sobre calquera outro aspecto que se considere oportuno.
- Asistir sobre o seguimento da evolución da investigación e do Centro, e da transferencia dos resultados da investigación.
- Informar sobre a proposta de nomeamento do director/a científico/a do Centro.
- Avaliar periodicamente a actividade científica dos investigadores/as vinculados ao Centro, e emitir os correspondentes informes de valoración.
- Informar sobre o interese da vinculación de novos investigadores/as ao Centro.
- Avaliar anualmente as memorias de actividades do Centro.
- Avaliar cada catro anos a actividade xeral do Centro

Atendendo ao sinalado, o 7 de decembro de 2021, o reitor da Universidade de Santiago de Compostela Antonio López Díaz, a proposta do Consello Reitor da CISPAC, propuxo membros do Consello Asesor Científico Externo a:

Agustín Azkárate Garai-Olaun

Catedrático de Arqueoloxía da Universidade do País Vasco

En el desarrollo de su carrera, el patrimonio edificado ha sido un eje de especial importancia, destacando la labor realizada en la restauración de la Catedral de Santa María de Vitoria, los estudios histórico-arqueológicos sobre el yacimiento de Salinas de Añana o el Casco Histórico de la ciudad de Vitoria-Gasteiz. En época más reciente, ha adquirido también gran relevancia social la participación en el proyecto de puesta en valor de las Galerías de Punta Begoña (Getxo), o las investigaciones arqueológicas para la localización del primer asentamiento de la ciudad de Buenos Aires en Argentina (Fuerte Sancti Spiritus, Puerto Gaboto).

Ha sido director de GATMAA (Unidad Asociada al Consejo Superior de Investigaciones Científicas); del Grupo de Investigación Arqueología de la Arquitectura (GIAA) de la UPV/EHU; responsable del Programa de Conservación de Patrimonio del Plan Vasco de Ciencia, Tecnología y Sociedad (2005-2008); consejero de los Consejos Asesores de Arqueología y de Arquitectura del Gobierno Vasco; consejero del Consejo Social de la ciudad de Vitoria; y fundador de la revista Arqueología de la Arquitectura (UPV/EHU - CSIC). Desde 2012 es miembro de Jakiunde, Academia de las Ciencias, las Artes y las Letras de Euskadi. es director del Grupo de Investigación en Patrimonio Construido de la Universidad del País Vasco y titular de la Cátedra UNESCO de Paisajes Culturales y Patrimonio.

Dialnet: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/autor?codigo=14597>

GPAC: <https://gpac.eus/Miembros/agustin-azkarate-garai-olaun/>

Primitiva Bueno Ramírez

Catedrática de Prehistoria da Universidade de Alcalá de Henares

Sus líneas de investigación abarcan las producciones culturales y simbólicas de la prehistoria reciente, principalmente en el mundo de la muerte y todas sus facetas, donde ha investigado que pinturas y grabados en sierras y ríos fueron realizados por los mismos conjuntos humanos que decoraron el interior de los monumentos funerarios.5 Otro de sus intereses ha sido probar la persistencia de uso de los mismos territorios desde el paleolítico superior en zonas en las que tradicionalmente se defendió la ausencia poblacional.

Dialnet: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/autor?codigo=29396>

UAH: <https://www.uah.es/es/estudios/profesor/Primitiva-Bueno-Ramirez/>

Manuel González de Molina Navarro

Catedrático de Historia Contemporánea na Universidade Pablo de Olavide, Sevilla

Dirige el Laboratorio de Historia de los Agroecosistemas y donde desarrollan su investigación historiadores, ecólogos, economistas y agrónomos con una orientación transdisciplinar. De 2004 a 2007 ha sido Director General de Agricultura Ecológica en la Consejería de Agricultura, Pesca y Alimentación de la Junta de Andalucía. Es especialista en Historia Agraria, Historia Ambiental y Agroecología. Sus trabajos se han centrado en el estudio del mundo rural contemporáneo ahondando en la evolución del campesinado, la identidad andaluza, los condicionamientos ambientales del crecimiento agrario o las bases teóricas de la Historia Ambiental. Actualmente dirige proyectos de investigación que estudian la evolución histórica del mundo rural desde las metodologías del Metabolismo Social o los Nuevos Movimientos Sociales.

Google Scholar: <https://scholar.google.es/citations?hl=es&user=hAdzPi0AAAAJ>

UPO: <https://www.upo.es/profesorado/en/mgonnav/>

Rafael Mata Olmo

Catedrático de Análise Rexional no Dpto. de Xeografía da Universidade Autónoma de Madrid

Presidente de Europarc-España y Director de la revista Ciudad y Territorio. Estudios Territoriales (Indexada en Scopus, Ministerio de Fomento de España) desde julio de 2009. Miembro de la ponencia redactora y Secretario del Comité Ejecutivo del Plan Nacional de Paisajes Culturales (2012, Instituto del Patrimonio Cultural de España, Ministerio de Educación, Cultura y Deporte). Ha sido Presidente de la Asociación de Geógrafos Españoles (2005-2009) y del Comité Español de la Unión Geográfica Internacional. Especialista en el estudio de sistemas y paisajes rurales, paisajes patrimoniales y agriculturas periurbanas (Premio Nacional de Publicaciones del Ministerio de Agricultura de España, 1987), y en políticas de ordenación del territorio, paisaje y conservación de la naturaleza en España y América Latina.

Dialnet: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/autor?codigo=195150>

UAM: <https://paisajeterritoriouam.es/rafael-mata-olmo/>

Dolores Puga González

Científica Titular do CSIC no Ist. de Economía, Xeografía e Demografía (Dpto. de Poboación)

Pertenece al grupo de Investigación sobre Envejecimiento (GIE-CSIC). Sus líneas de investigación son Las condiciones de vida y salud en la vejez, y su relación con la familia y las Transferencias intergeneracionales y los cuidados de larga duración. Es coordinadora del Comité de Expertos en Envejecimiento de la Fundación General CSIC, miembro del Consejo Asesor de la Cátedra José M^a Martín Patino de la Cultura del Encuentro, del Consejo de Redacción de la Revista Internacional de Sociología, del Consejo de Redacción de la revista Estudios Geográficos, del Consejo Asesor de Encrucijadas-Revista Crítica de Ciencias Sociales, y del Consejo Asesor de la Revista Española de Geriátrica y Gerontología.

Dialnet: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/autor?codigo=7406>

CSIC: <http://iegd.csic.es/es/personal/dolores.puga>

Nancy L. Peluso

Profesora Distinguida Henry J. Vaux de Política Forestal na Universidade de California, Berkeley

Presidente de Europarc-España y Director de la revista Ciudad y Territorio. Estudios Territoriales (Indexada en Scopus, Ministerio de Fomento de España) desde julio de 2009. Miembro de la ponencia redactora y Secretario del Comité Ejecutivo del Plan Nacional de Paisajes Culturales (2012, Instituto del Patrimonio Cultural de España, Ministerio de Educación, Cultura y Deporte). Ha sido Presidente de la Asociación de Geógrafos Españoles (2005-2009) y del Comité Español de la Unión Geográfica Internacional. Especialista en el estudio de sistemas y paisajes rurales, paisajes patrimoniales y agriculturas periurbanas (Premio Nacional de Publicaciones del Ministerio de Agricultura de España, 1987), y en políticas de ordenación del territorio, paisaje y conservación de la naturaleza en España y América Latina.

Google Scholar: <https://scholar.google.com/citations?user=Yop9lqUAAAAJ&hl=en>

Berkeley (UC): <https://ourenvironment.berkeley.edu/people/nancy-lee-peluso>

Enric Tello Aragay

Catedrático do Departamento de Historia Económica, Institucións, Política e Economía Mundial da Universidade de Barcelona

Es co-investigador del proyecto Sustainable Farm Systems: Long-Term Socio-Ecological Metabolism of Western Agriculture financiado de 2012 a 2018 por el Social Sciences and Humanities Research Council de Canadá, junto con otros fondos aportados por el Ministerio de Economía y Competitividad de España entre otros. Publica sobre Historia Ambiental, así como en Historia Económica y Rural de Cataluña, España y otros lugares utilizando enfoques socio-metabólicos que aplican los balances energéticos y materiales a los sistemas agrícolas, así como el análisis desde la ecología del paisaje a los cambios en los usos y cubiertas del suelo. Un enfoque distintivo de su trabajo es llevar a cabo la investigación de Historia Ambiental como un punto de encuentro transdisciplinar donde nuevos temas emergentes en la sociedad pueden ser abordados desde una perspectiva histórica a largo plazo, como desarrollar una bio-economía circular donde los agroecosistemas y los paisajes bioculturales desempeñan un papel relevante como proveedores de servicios ecosistémicos vitales

Dialnet: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/autor?codigo=164789>

UB: <https://webgrec.ub.edu/webpages/000005/cas/tello.ub.edu.html>

3.7. Nomeamento de Dirección Científica comisaria, Dirección Adxunta comisaria e Secretaría comisaria do CISPAC

Dirección Científica comisaria:

Consello de Goberno da USC, 21 de decembro de 2021:

15. Informe do Sr. reitor

Celebrada a constitución das Xuntas reitoras do CISPAC e do ECOBAS. Foi designado como director comisario do CISPAC o prof. Lourenzo Fernández Prieto.

En aplicación do convenio de colaboración entre a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo polo que se crea o Centro de Investigación das Paisaxes Atlánticas Culturais e do Regulamento de Réxime Interno do Centro, aprobados polo Consello de Goberno na sesión do 1 de outubro de 2021, recibida a comunicación da proposta do Consello Reitor do Centro do día 7 de decembro de 2021 para o nomeamento do director científico comisario.

RESOLVO:

Nomear a don Lourenzo Fernández Prieto, catedrático da Universidade de Santiago de Compostela, como Director Científico Comisario do Centro de Investigación Interuniversitario de Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC), con efectos do día 27 de decembro de 2021.

Dirección Adxunta comisaria

Julio Ernesto Abalde Alonso, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña, que actúa de conformidade co establecido no artigo 36.1 dos Estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, de 13 de maio (DOG de 26 de maio), modificados polo Decreto 194/2007 do 11 de outubro (DOG do 17 de outubro), e a proposta do Vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia,

RESOLVO:

Nomear a Dona Laura Oso Casas Directora Adxunta Comisaria do Centro de Investigación Interuniversitario de Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC), con efectos económicos e administrativos do día 7 de decembro de 2021.

Polo desempeño deste cargo percibirá un complemento económico equivalente a director de departamento.

O reitor

Julio Ernesto Abalde Alonso

Secretaría comisaria do CISPAC

Nomeamento de Xavier Simón Fernández como secretario comisario do CISPAC pola Universidade de Vigo

3.8. Apertura do proceso selectivo de persoal investigador vinculado ao CISPAC, a través dunha chamada de interese aberta publicada o 21 de decembro de 2021.

A convocatoria de expresións de interese para a vinculación ao CISPAC está dirixida a persoal PDI das universidades de A Coruña, Vigo e de Santiago de Compostela, con vinculación permanente/non permanente coa institución á que pertencen. Poderán ser considerados investigadores/as vinculados o persoal investigador contratado baixo a figura de "investigador distinguido" (Beatriz Galindo, María Zambrano, Margarita Salas, propias USC, etc,...) e o persoal investigador con contrato Ramón y Cajal (RyC).

A vinculación do persoal investigador ao CISPAC será por un período de catro anos (cunha avaliación intermedia bianual) prorrogables por períodos da mesma duración, previa avaliación favorable polo Consello Asesor Científico Externo da actividade desenvolvida nese período.

A publicación da convocatoria de vinculación polas tres universidades foi o 21 de decembro de 2021. A data límite de presentación de solicitudes foi o 31 de xaneiro de 2022.

Chamada de Expresións de interese de VINCULACIÓN DE PERSOAL INVESTIGADOR. AO CISPAC (Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais)

O CISPAC creouse en decembro de 2021 como centro de investigación singular de acordo co Regulamento para a creación e funcionamento de Centros Singulares de Investigación da USC (Consello de Goberno, 30 de outubro de 2020), e como centro de investigación de acordo coa Normativa de creación de centros de investigación da Universidade da Coruña (Consello de Goberno, o 26 de novembro de 2020), e a Normativa de grupos, agrupacións e centros de investigación da Universidade de Vigo (Consello de Goberno, 26 de xuño de 2019), e confórmase como o primeiro centro de investigación interuniversitario en ciencias sociais e humanas das universidades galegas. O obxectivo do centro é desenvolver unha investigación transdisciplinar e de vangarda no ámbito das paisaxes atlánticas culturais e os cinco campos de traballo definidos, para o que resulta esencial a implicación de persoal investigador con capacidade para deseñar e liderar liñas de investigación na fronteira do coñecemento e coa ambición do máximo impacto social e económico local e global. O CISPAC aspira a converterse nun centro de referencia internacional, definido pola calidade e impacto da súa investigación, vinculada coas demandas da sociedade e as necesidades da sustentabilidade. Máis información en www.usc.es/cispac.

O goberno e estrutura do CISPAC sostense en tres requirimentos básicos:

- (1)** selección competitiva do persoal investigador e avaliación continua da súa actividade por parte dunha Consello Asesor Científico Externo (CACE) con criterios de excelencia, esixencia e coherencia;
- (2)** planificación estratéxica e mecanismos de financiación vinculados ao cumprimento dos obxectivos da programación científica;
- (3)** dirección científica executiva, responsable na definición da política de investigación, a coordinación das capacidades do persoal investigador e garantía do progreso dos obxectivos estratéxicos e os programas.

Con esta chamada aberta quere vincularse a un número suficiente de investigadores e investigadoras capaces de deseñar e liderar liñas de investigación e transferencia relacionadas coas Paisaxes Atlánticas Culturais para cumprir coas aspiracións estratéxicas de facer do CISPAC un centro de referencia acreditado ao máximo nivel.

Sobre estas premisas, facemos esta chamada para a presentación de solicitudes de vinculación ao CISPAC, de acordo co Artigo 14 do Regulamento de Réxime Interno do centro.

CANDIDATOS/AS ELIXIBLES

Esta convocatoria de expresións de interese para a vinculación ao CISPAC está dirixida a persoal PDI das universidades de A Coruña, Vigo e de Santiago de Compostela (*), con vinculación permanente coa institución á que pertencen ou con contrato de Profesor Axudante Doutor. Poderá ser considerado investigador/a vinculado/a o persoal investigador contratado baixo a figura de “investigador distinguido” (Beatriz Galindo, María Zambrano, Margarita Salas, propias USC, etc,...) e o persoal investigador con contrato Ramón y Cajal (RyC).

Preténdese a incorporación de persoal investigador con experiencia científica probada, capaz de impulsar e mellorar as capacidades do centro e dar coherencia aos seus programas. Compre destacar na solicitude a experiencia das persoas candidatas en proxectos de investigación colaborativa ou redes relacionadas cos principais campos da axenda científica do CISPAC, no ámbito das ciencias sociais e humanas. Valorarase, excepcionalmente, traxectorias nas outras grandes áreas académicas cando se fundamenten nunha experiencia previa e madura de colaboración en redes e proxectos dos campos de especialización do CISPAC.

Considerarase, para a valoración da traxectoria investigadora dos últimos 10 anos, a acreditación de sexenios de investigación e transferencia, a relevancia da produción científica, a dirección e participación en proxectos competitivos e contratos e actividades de transferencia, a dirección de teses, así como outros méritos académicos (congresos, participación en comités científicos e editoriais, ...).

A vinculación do persoal investigador ao CISPAC será por un período de catro anos (cunha avaliación intermedia bianual) prorrogables por períodos da mesma duración, previa avaliación favorable polo Consello Asesor Científico Externo da actividade desenvolvida nese período. O persoal vinculado manterá a súa vinculación docente na universidade de orixe e a súa actividade investigadora quedará vinculada ao CISPAC.

(*) No caso de persoal alleo ás entidades que conforman o centro, deberá subscribirse o correspondente convenio institucional.

PROCESO DE AVALIACIÓN E SELECCIÓN

O proceso de avaliación será realizado polo Consello Asesor Científico Externo do CISPAC. O nomeamento formal como persoal investigador vinculado das persoas candidatas que cumpran cos criterios de excelencia sinalados será aprobado pola Consello Reitor do CISPAC, a través da sinatura dun compromiso formal cos obxectivos estratéxicos e a política organizacional do centro, sen que en ningún caso entre en conflito coa normativa propia da universidade á que pertenza cada membro vinculado/a.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE VINCULACIÓN. FORMULARIO E CV

A data límite para a presentación de solicitudes é o 31 de xaneiro de 2022 ás 14 horas (CET).

A solicitude debe enviarse a cispac.direccion@usc.gal en formato pdf, utilizando o formulario adxunto (Anexo 1);

Acompañado do CVA dos últimos 10 anos seguindo modelo adxunto (Anexo 2) ou o CV EUROPASS <https://www.eea.europa.eu/about-us/jobs/template-europass-cv/view>

PROGRAMACIÓN prevista (*e finalmente levemente retrasada)

Data límite Accións

21/12/2021 Publicación da convocatoria de vinculación polas tres universidades

31/1/2022 Data límite de presentación das solicitudes

4/2/2022 Achega ao CACE das solicitudes organizadas

28/2/2022 Data límite de entrega de avaliacións

11/3/2022 Presentación ao Consello Reitor das propostas de vinculación

CONTACTO

Para calquera aclaración ou consulta sobre esta convocatoria, dirixirse a: cispac.direccion@usc.gal ou contacte a través dos teléfonos 881812578 / 881812734

3.9. Protocolo provisorio para estudantes de doutoramento.

Protocolo provisorio para estudantes de doutoramento que aínda sen vinculación contractual coa USC, UdV e UdC, por estaren a facer a súa tese dirixidos/as por un/unha investigador/a do CISPAC, poidan incorporarse ao centro para realizaren traballos vinculados coa súa investigación, relacionada coas liñas do Centro, baixo a supervisión dos seus directores e baixo a responsabilidade do director/a da investigación.

Compromiso de colaboración co Centro de Investigación das Paisaxes Atlánticas Culturais, CISPAC

..... con DNI nº estudante de doutorado na Universidade, coa tese dirixida polo Doutor/a,, adscrita ao Grupo de Investigación, e que versa sobre, comprométome a atender ás normas internas do Centro de Investigación das Paisaxes Atlánticas Culturais, CISPAC, mentres dure a miña vinculación coa universidade.

Asi mesmo, como codirector da tese doutoral referida e como responsable académico da investigación e investigador garante do CISPAC, autorizo que o/a doutorando/a, efectúe a súa investigación nas instalacións do CISPAC, polo que, como investigador garante, autorizo.

En Santiago de Compostela, a de de 20...

Asdo.: Lourenzo Fernandez Prieto

Asdo.: O/A investigador/a

Asdo.: O/A director/a da tese

3.10. Acordo CSIC-USC para a adscrición de Juan Castro Cal, investigador titular do CSIC á USC.

Ao abeiro do Regulamento, tendo en conta que no caso de persoal alleo ás entidades que conforman o CISPAC, deberá subscribirse o correspondente convenio institucional.

En novembro de 2021 procedeuse a sinatura do acordo de adscrición de persoal do CSIC á USC. Trátase do investigador Juan Francisco Castro Cal. Este convenio asinouse o 17 de novembro de 2021 por parte do reitor da USC, Antonio López e Rosa Menéndez López, presidenta do CSIC.

3.11. Acordo GAIN-USC para a adscrición de Jacob Copeman ao CISPAC

Reunidos a Axencia Galega de Innovación, representada pola Directora da GAIN Patricia Argerey Vilar, e doutra parte Jacob Copeman, acordan que o investigador distinguido Jacob Copeman realice as actividades de investigación nun dos centros de investigación designados.

3.12. Convenio de colaboración CRUSOE - CISPAC

O obxectivo é que o CISPAC coordine e sexa sede principal para a implementación de parte das actividades de CRUSOE no Patrimonio Cultural Dixital baixo a visión Stellae 5.0 (pendiente de tramitación interna).

4. Accións para o equipamento mobiliario

4.1. Compra de equipamento, tramitado e xestionado pola Vicexerencia da USC

No marco dun Centro coma o CISPAC e aliñados entorno a unha Axenda Científica organizada, debe favorecerse a integración de masa crítica ordenando esforzos nunha serie de obxectivos e campos de investigación especializados que permitan acadar a excelencia científica. Mais para iso cómpre desenvolver uns equipamentos mínimos

Desenvolveuse un esbozo de Plan de equipamentos mínimos, nun escenario de necesidades fundamentais e outro escenario que inclúe as necesidades óptimas par ser un Centro de vangarda en investigación, así mesmo estudouse a presentación para diferentes convocatorias de equipamentos de centros.

Licitouse o subministro e instalación de mobiliario de oficina e de laboratorio para espazos de administración, servizos e investigación universitaria. A licitación tivo un orzamento base de 508.826,25 Euros con IVE. Foi adxudicado a Cero Siete Taller de Equipamientos S.L. o 28 de setembro de 2021 por 404.122,35 Euros, e formalizouse o 25-10-2021.

Pode verse a documentación en:

<https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?OP=50&N=802717&lang=gl#consulta-execucion>

Equipamento multimedia para salas e seminarios de reunións:

Respecto á infraestrutura técnica, realizáronse contratos de subministro de material con dúas empresas: Itelsis e Sglobal, cun custe final de 24.224,87 Euros. O material mercado foron pantallas de ampla resolución para salas, cámaras de videoconferencias, microaltavoces, replicadores de portos, cableado e material diverso para instalación.

4.2.- Participación nunha petición da USC para a dotación dun dron especializado para investigación en xeografía física

Adquisición dun equipo completo composto de plataforma de voo, composto de Dron DJI MATRICE 300 RTK Universal Edition (EU) e porcesador LiDAR

Trátase da adquisición dun equipamento completo para facer a adquisición de datos topográficos.

- Esta contratación está financiada por medio dun convenio de financiamento de equipamento, destinado á adquisición, renovación e mellora de infraestruturas de investigación universitaria en Grupos de Investigación da USC, a través da acción #37

"Sistema RPA LiDAR e fotogramétrico RGB para adquisición de datos altimétricos e de imaxen" a cal debe executarse completamente durante o ano 2021.

Os grupos de investigación coparticipantes na solicitude son:

GEMAP (GI-1243): Grupo de estudos medioambientais aplicados ó patrimonio natural e cultural.

ANTE (GI-1871): grupo de Investigación de Análise Territorial.

ACBiodiv (GI-1291): Análise e conservación da biodiversidade.

HISTAGRA (GI-1657): Historia agraria e política do mundo rural. Séculos XIX e XX.

SÍNCRISIS (GI-1919): Investigación en Formas Culturais.

IMPORTE FINAL: 60.244,24 (IVE incluído, 49.788,63 sen IVE)

4.3. Estudo de infraestrutura virtual e deseño, ao abeiro do convenio de investigación Xunta de Galicia-USC para traballos de constitución do CISPAC

Web:

A web do CISPAC debe ser responsiva e estar en inglés, galego e castelá. A web ha de contar con páxinas de actualidade, persoal, investigación, servizos, resultados e contacto. Debe destacar e ordenar información a través dos cinco campos de investigación. A vez a imaxe de marca serve tanto para a web, como para a creación de carteis. Na medida do posible debe crearse un cartel xenérico, que logo poida adaptarse en función das necesidades.

Deseño gráfico:

Deseño do logo do centro, así como da sinalética no edificio Fontán. Tamén, adaptación do material divulgativo: Roller, tarxetas, papelería.

Vídeos promocionais

Realización e guionización para divulgación dos resultados do CISPAC. Proponse a realización de cinco vídeos que atenden ás liñas de investigación do Centro: Paisaxes que teñen xente: Laura Oso, Paisaxes que producen: Xavier Simón e Stefania Barca, Paisaxes que teñen patrimonio: Lourenzo Fernández Prieto e Ramón Fabregas, Paisaxes que son visitados: Marco V. García Quinlela e Paisaxes que se gobernan: Edelmiro López Iglesias. Ademais, realizouse unha peza audiovisual de presentación que pode verse na páxina web do centro e no Eco espazo no propio edificio Fontán: <http://cispac.gal/>

Comunicación:

A comunicación do CISPAC responderá a unha estratexia de acción homoxénea en redes sociais, na páxina web e na relación do centro cos medios de comunicación. Definimos as mensaxes que deben ser lanzadas en conformidade cos obxectivos explicitados, con criterios de sostibilidade no tempo e co aproveitamento de toda a actividade investigadora do centro para mostrala á sociedade por estes medios. Por tal motivo, contratouse a



Mazarelos Sociedade Cooperativa Galega Xuvenil para levar a cabo un servizo de comunicación e posicionamento galego, nacional e internacional en medios de comunicación xeralistas e especializados ao redor dos Campos de Coñecemento do CISPAC. Así como a xeración dun storytelling do Centro ao redor dos campos territorio e resiliencia.



5. Actividades académicas realizadas

5.1. Organización do Seminario Paisaxes Atlánticas, Agroecoloxía e memoria no Courel

Data: Outubro 2021

Seminario co que se analizou en común as lóxicas da agricultura orgánica e a sustentabilidade do Courel a través da lectura da paisaxe agraria actual, incluíndo o abandono e novas posibilidades para o Courel. Participaron José Antonio Cortes (GET-UDC) / David Soto (GESPIC-USC) / Xavier Simón (GIEEAH-UVIGO) / Jacob Copeman (ANTE-USC) / Stefania Barca (HISTAGRA-USC) / Lourenzo Fernández Prieto (HISTAGRA-USC) / Luís Guitián (USC) / Augusto Pérez Alberti (USC)

6. Proxectos en desenvolvemento

6.1. Colaboración USC con FiBL para a organización do Agrobiodiversity Summer School

Data: Outubro 2021

No 2022 USC acollerá o Agrobiodiversity Summer School do Research Institute of Organic Agriculture FiBL de Suíza. Nesta ocasión será sobre Agrobiodiversity and Transitions to Agroecological Food System. Esta colaboración, que implica a consecución de aproximadamente 50.000€ aportadas pola universidade suíza, realizouse grazas a Lourenzo Fernández Prieto en colaboración con Manuel González de Molina y Gloria Guzman (Alimentta e Universidad Pablo de Olavide) que participaron na edición deste ano en Suíza.

6.2. Impulso e desenvolvemento do Living Lab do Laboratorio Vivo de Innovación Labrega e Agroecolóxica (LAVILA)

Data: Outubro de 2021

Trátase da introdución na investigación dos Laboratorios Vivos (Living Labs). Estes defínense como ecosistemas de innovación aberta, que operan no territorio, que integra procesos de investigación e innovación en colaboración público-privada. Os laboratorios vivos supoñen unha transformación substancial do modelo de investigación universitario, xa que están centrados nos usuarios que participan, non como suxeitos de estudo, senón como participantes activos na creación da mesma en todos os procesos da investigación: definición, experimentación e avaliación.

Para iso desenvólvese unha xornada de co-traballo na que participaron membros da Universidade de Santiago de Compostela, Alimentta, Fundación Juana de Vega, Xan Pouliquen, Origen Galicia, Bernardo Estevez, Sindicato Labrego Galego, Arqueixal, Casa Grande Xanceda, Galletas da Veiga, Ribeiregas, Monte Veciñal de O Carballo, Finca El Cabillon/Fundación EDES, Lutega / Orballo. A xornada foi organizada polos Grupos HISTAGRA e GESPIC.

Este encontro materializouse no desenvolvemento dun Convenio Marco de colaboración entre a USC e as entidades. Cómpre recordar que Alimentta é un think tank referencial na transición alimentaria, que ten apoio da Fundación Daniel e Nina Carasso, entidade referencial para o establecemento de relacións co CISPAC.

6.3. Máster Interinstitucional en Patrimonio Cultural Dixital

Comezo do deseño do proxecto. O obxectivo é o establecemento dos estudos de posgrado referencial en Patrimonio Cultural Dixital a nivel eurorrexión, base para unha

proposta global (Erasmus Mundus), en colaboración cos clústeres TIC e Audiovisual, fonte de emprego de calidade e novas empresas de servizos na área. Mostraron interese en colaborar parcialmente a Universidad A Coruña, Univ. Burgos, Univ. Salamanca, Univ. León e Univ. Cantabria e as universidades portuguesas de Tras os Montes e Beira Interior. Data prevista de formalización en xullo de 2022.

6.4. Plan rector Stellae 5.0

En fase de realización dende 2021. Reunións sectoriais con representantes dos principais actores dos sectores público e privado galegos (máis de 50 expertos). Data prevista de entrega xullo de 2022.

6.5. Proposta "Business Factory Heritage".

En fase de preparación dende 2021. Definición e establecemento dun novo actor que proporciona financiamento e servizos para o desenvolvemento de innovacións e a súa entrada no mercado da industria do patrimonio dixital. Ubicarase no CISPAC, cun espazo (estimado) necesario equivalente a 15-18 postos de emprego.

Realizarase en colaboración coa Time Machine Organization trala participación na Acción Piloto "Virtual & Smart Cultural Touyrism". Os instrumentos de cofinanciamento serán o Interregional Innovation Investmensts Instrument (I3) da Unión Europea e o Programa de colaboración transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal (POCTEP - POCTEP 2021-2027).

6.6. Proxecto de investigación TIMELESS

Presentada a primeira proposta de proxecto TIMELESS ao primeiro call en Horizon Europe coordinada pola USC (orçamento 4M€), Non foi aprobada (3 de 94 propostas), quedando pendente o próximo xuño de realizar dúas xornadas de traballo no CISPAC por parte do consorcio para a redefinición de cara a novas convocatorias.

6.7. Compostela Local Time Machine

Proxecto deseñado ao longo de 2021 e pendente de resposta. O obxectivo é situar a Compostela/Galicia/Eurorexión SOE como elemento de referencia no Patrimonio Cultural Dixital cun elemento demostrador da evolución da cidade e o territorio mediante técnicas avanzadas de simulación 3D e realidade virtual. Acción clave de comunicación global que transcende os ámbitos da Academia e da investigación. Solicitouse financiamento do Concello de Santiago de Compostela en calidade de membresía á TMO para o período 2022-2027 (inclusive). Total: 27.000€.

7. Informe económico 2021

Informe económico 2021 CISPAC

1.- Partida específica CISPAC:

A) Persoal

Contratación de persoal técnico especializado na dinamización de centros de I+D:

26.378,44 Euros

B) Dietas e desprazamentos:

Desprazamentos a xuntanzas do persoal técnico e de investigación a xuntanzas relacionadas coa posta en marcha do CISPAC: 1.562,62 euros

C) Realización de xornadas de investigación:

Xornada sobre o Living Lab (Outubro de 2021, Santiago de Compostela): 1667,51 Euros

Seminario Paisaxes Atlánticas, Agroecoloxía e memoria no Courel (Outubro de 2021, Folgoso do Courel): 2.110,71 Euros

D) Imaxe e comunicación

Realización de material audiovisual (guión e produción): 7.260 Euros

Arquitectura web cispac.gal: 6.050 Euros

Comunicación e redes sociais: 6.050 Euros

Deseño corporativo: 3.630 Euros

E) Consultoría

Elaboración de descrições de Bens de Interese Cultural e Consultaría en apoio a plataformas de coñecemento e análise ecosistema de I+D: 4.295,5 Euros

F) Material inventariable:

Ordenadores e material informático: 3.604,59

2.- Partida especial de arrinque do CISPAC (Vicexerencia da USC)

A) Subministro e instalación de mobiliario de oficina e de laboratorio para espazos de administración, servizos e investigación universitaria: 404.122,35 Euros

B) Equipamento multimedia para salas e seminarios de reunións e a súa instalación: 24.224,87 Euros.

3.- Material inventariable investigación

A) Participación nunha petición da USC para a dotación dun dron especializado para investigación en xeografía física: 60.244,24 Euros



CISPAC

Centro de Investigación Interuniversitario
das Paisaxes Atlánticas Culturais

